



Fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar [2023/2024]

Referencia: Orde do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H) [DOG do 19 de maio].

Prazo. Do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023.

Presentación. Hai tres maneiras de presentar a solicitude:

- De xeito manual e presencial.
- Con creación de solicitude na aplicación **Fondolibros** e presentación presencial.
- Con creación de solicitude na aplicación e presentación electrónica.

Documentación necesaria. As persoas interesadas deberán achegar os **Anexos I e II da solicitude**, que poden descargar desde a nosa web ou desde Fondolibros. Tamén poden solicitar unha copia en papel nas oficinas do centro. Os devanditos anexos entregaranse xunto coa documentación que corresponda:

- **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figuren o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar, ademais, a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- **Certificado de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
- **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.
- **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

Renda per cápita da unidade familiar. É a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 dividida entre o número de membros computables. Observacións de interese:

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa



normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2021, sumaranse a base imponible xeral (recadro **435**) e a base imponible do aforro (recadro **460**); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria no certificado de imputacións de renda.

Membros computables da unidade familiar. Observacións:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor (sempre que formase parte da unidade familiar) nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2021, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.

Silleda, 22 de maio de 2023.

Xesús Fernández Sulleiro. Director.



Este documento ten carácter informativo e orientativo e non ten valor xurídico. A información legal e vinculante sobre a participación en Fondolibros e as axudas para libros e material escolar é a que figura na Orde de convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia.